

DECRETO ____/2025 do __ de _____, polo que se aproba o Plan de conservación do espazo natural de interese local Río Abelleira (Carral, A Coruña)

De conformidade co disposto na Constitución Española, o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.30 atribúe á nosa comunidade autónoma a competencia para aprobar normas adicionais para a protección do ambiente e da paisaxe.

A nivel autonómico, a Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza (DOG núm. 171, do 04.19.2001) tiña como obxecto *'establecer normas encamiñadas á protección, conservación, restauración e mellora dos recursos naturais e á adecuada xestión dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, ademais da xea da comunidade autónoma galega, á difusión dos seus valores, así como á súa preservación para as xeracións futuras'*. O seu artigo 9 establece nove categorías de espazos naturais protexidos, sendo un deles o de espazo natural de interese local (ENIL en diante), definido no artigo 17 da dita lei como aqueles espazos integrados nun termo municipal que polas súas singularidades sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais. A responsabilidade e competencia na xestión destes espazos é municipal e non se considerarán incluídos na Rede galega de espazos protexidos, nin a súa declaración implicará a obrigatoriedade de asignación de recursos por parte da Comunidade Autónoma.

Dentro deste marco legal aprobouse a Orde do 14 de febreiro de 2017 pola que se declara, de xeito provisional, como espazo natural de interese local o espazo Río Abelleira, no concello de Carral, na provincia da Coruña (DOG núm. 38, do 23.02.2017). A contorna denominada 'Río Abelleira' localízase nas parroquias de Santa Mariña de Beira e Santiago de Sumio, ambas no municipio de Carral. Comprende o Castro das Travesas, o dominio público hidráulico e a zona de servidume do río Abelleira (nomeado tamén na cartografía oficial como rego do Batán) ata a confluencia co río Barcés, ademais dalgúns enclaves adxacentes ao río.

Este espazo natural contribúe á preservación da formación hidrófila arbórea e arborescente instalada no curso do río Abelleira e canles tributarias, formación que constitúe un tipo de hábitat de interese natural prioritario (91E0*) segundo a Directiva relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestre ou Directiva Hábitat (DC 92/43/CEE). Este espazo atópase moi próximo a outro ENIL provisionalmente declarado augas abaixo do río Barcés, no municipio de Abegondo, denominado 'Ribeiras do Mero-Barcés' que, á súa vez, linda coa Zona Especial de Conservación (ZEC) 'Encoro de Abegondo-Cecebre' (ES1110004). Case toda a superficie do ENIL enmárcase na zona de transición da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, agás unha superficie de algo máis de 0,90 ha que se sitúa na zona tampón da dita reserva.

Mediante a Orde do 14 de febreiro de 2017 estableceuse que os aproveitamentos e os usos dos bens e recursos incluídos dentro do ENIL levaranse a cabo de xeito que resulten compatibles coa conservación daqueles valores naturais que motivaron a súa declaración provisional.

A Lei 9/2001, do 21 de agosto foi derogada pola Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, que igualmente recolle a figura de ENIL entre as categorías de espazos protexidos. Na súa disposición transitoria sétima, punto 2, esta lei indica que os procedementos administrativos en tramitación no momento da súa entrada en vigor seguirán a tramitarse pola normativa vixente no momento do inicio da tramitación.

Segundo o estipulado na disposición transitoria segunda da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, a tramitación das normas de xestión e de conservación en espazos naturais protexidos declarados ao abeiro da Lei 9/2001, do 21 de agosto, que carezan de instrumentos de planificación e non iniciasen a súa tramitación con anterioridade á entrada en vigor desta lei, realizaranse tras o acordo de inicio da persoa titular da consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural, mediante o procedemento sinalado no artigo 40.5 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, axustándose o contido ao previsto no artigo 64.

Por tal motivo o Plan de conservación deste ENIL tramítase ao abeiro da Lei 9/2001, do 21 de agosto, respectando a terminoloxía do dito instrumento de planificación, tendo en conta que a súa tramitación iniciouse coa solicitude de declaración do espazo por parte do Concello de Carral o 03.12.2012, tras ser aprobada a proposta no pleno municipal do 26.12.2008. O instrumento de planificación deste espazo foi presentado o 02.02.2019, antes da entrada en vigor da Lei 7/2022, do 27 de decembro.

No que concirne ao procedemento de elaboración do decreto, o documento base do plan foi sometido a participación pública mediante o Anuncio do 1 de febreiro de 2021 da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, de acordo co previsto no artigo 16 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, que regula o dereito de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

Posteriormente, en observancia do artigo 40 da Lei 9/2021, do 21 de agosto, do artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro e do artigo 42.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto normativo expúxose publicamente, durante un mes, mediante o Anuncio do 1 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural (DOG núm. ____, do ____), no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia, indicándose o seu obxecto, estado de tramitación e a posibilidade de remitir suxestións a través do formulario dispoñible para tal efecto no propio portal. Así mesmo, expúxose o documento na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, na subsección de documentos en información pública do portal de conservación da natureza. Igualmente, remitiuse a distintos organismos dependentes da Xunta de Galicia para o seu informe.

Analizáronse as suxestións achegadas e todas aquelas consideradas adecuadas en relación á lexislación estatal básica, autonómica e local en materia de conservación do patrimonio natural, incorporáronse ao proxecto de decreto.

Finalmente, o día __ de ____ de 2025 aprobouse a Orde pola que se declara definitivamente como espazo natural de interese local o espazo denominado Río Abelleira, no concello de Carral.

Polo exposto, en uso das atribucións conferidas polo artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, a proposta da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático e tras a deliberación do Consello da Xunta, na súa reunión do __ de ____ de dous mil vinte e cinco,

DISPOÑO:

Artigo único. Aprobación do Plan de conservación

1. Apróbase o Plan de conservación do ENIL Río Abelleira recollido no anexo I deste decreto.

2. O ámbito territorial de aplicación do Plan de conservación coincide coa extensión e os límites cartografados e coas coordenadas establecidas no anexo II. O ENIL atópase no termo municipal de Carral, na provincia da Coruña e conta cunha superficie de 16,91 ha.

3. O plan estará á disposición de calquera persoa interesada na web do Concello de Carral, xestor do espazo: <https://carral.es>

4. O réxime sancionador aplicable será o establecido no título VI. *Das infraccións e sancións*, da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade e, con carácter complementario, no título III. *Das infraccións e sancións*, da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Autorízase á persoa titular da consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural para ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución deste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Vixencia*

As determinacións contidas neste Plan de conservación estarán en vigor ata que se revise o plan polo cambio significativo e suficiente das circunstancias ou dos criterios que determinaron a súa aprobación. En calquera caso e a falta de modificacións excepcionais, o plan revisarase pasados seis anos dende a data da súa aprobación, prorrogándose ata que se publique a dita revisión.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, __ de _____ de 2025

Alfonso Rueda Valenzuela

Presidente

Ángeles Vázquez Mejuto

Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático

ANEXO I

Plan de conservación do ENIL Río Abelleira

Memoria

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

1. Este decreto ten por obxecto a aprobación do Plan de conservación do ENIL Río Abelleira, situado no concello de Carral, documento que constitúe o instrumento de planificación deste espazo natural protexido.

Artigo 2. Ámbito territorial e delimitación

1. O ámbito territorial de aplicación do Plan de conservación correspóndese coa extensión e límites cartografados do ENIL Río Abelleira e coas coordenadas establecidas no plano 1 do anexo II deste decreto.

2. Este espazo protexido sitúase no termo municipal de Carral, provincia da Coruña, e conta cunha superficie de 16,9 ha.

3. A superficie do ENIL localízase na folla 45-III no Mapa Topográfico Nacional escala 1:25.000 do Instituto Xeográfico Nacional.

4. O vértice norte do espazo atópase na confluencia do rego do Batán (coñecido tamén como río Abelleira) co río Barcés, a unha cota de 98 m (ETRS89, fuso 29, X=550.918,81 / Y=4.782.157,33). O vértice sur está en contacto co extremo sueste da subestación eléctrica das Travesas, a unha cota de 436 m (ETRS89, fuso 29, X=552.169,14 / Y=4.779.327,19).

5. O ENIL esténdese polas parroquias de Santa María de Beira e Santiago de Sumio.

Artigo 3. Finalidade do plan

Este plan persegue a ordenación xeral dos recursos naturais do espazo protexido e a xestión e preservación dos seus valores, tendo en conta os usos potenciais de carácter social que poidan ser compatibles.

De conformidade co establecido no artigo 16 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, os recursos naturais e os espazos naturais a protexer serán obxecto de planificación coa finalidade de adecuar a xestión aos principios inspiradores sinalados no artigo 2 desa lei. Neste sentido, o programa de actuacións do ENIL considerará, polo menos:

1. Conservar os recursos naturais: auga, flora, fauna e paisaxe.

2. Asegurar a biodiversidade: conservación das especies silvestres, animais e vexetais, que forman parte dos procesos naturais do espazo natural. Terán prioridade aquelas especies de interese para a conservación, as especies endémicas ou as que teñan unha área de distribución limitada, así como as especies de fauna migratoria.

3. Desenvolver as liñas básicas para definir o sistema de uso público e ordenación das visitas de xeito compatible coa conservación do ENIL.

4. Promover a educación, divulgación e coñecemento dos valores naturais.

Artigo 4. Efectos

1. Conforme ao artigo 39 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, as previsións deste Plan de conservación serán vinculantes tanto para as administracións públicas como para as persoas particulares,

prevalecerán sobre a planificación urbanística e a súa aprobación levará consigo a revisión dos plans territoriais e sectoriais incompatibles.

2. Será responsabilidade e competencia do Concello de Carral a xestión do ENIL Río Abelleira. Por tal motivo o concello debe consignar, con cargo aos orzamentos municipais anuais, as cantidades necesarias para garantir a conservación do espazo e acometer as medidas de xestión necesarias.

3. Teranse en conta tamén as seguintes consideracións:

a) Os usos e aproveitamentos dos recursos naturais e das actividades que se desenvolvan resultarán congruentes cos réximes do solo rústico que corresponden ao ámbito, logo da súa declaración.

b) A xestión do ENIL non implicará a cesión do dominio público hidráulico nin a súa utilización significará a cesión das facultades demaniais da Xunta de Galicia.

c) Calquera tipo de vertedura ou actuación nas marxes, ribeiras e canles deberán contar con autorización da administración hidráulica. Nas zonas de servidume e na zona de policía terase en conta o Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas e o Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI, VII e VIII do texto refundido da Lei de augas.

d) A declaración definitiva do Río Abelleira como ENIL suporá a súa inclusión no rexistro de zonas protexidas do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica Galicia-Costa (PHGC en adiante), aprobado polo Real decreto 48/2023, do 24 de xaneiro e posteriores.

e) No referente ás actuacións previstas no instrumento de planificación do espazo protexido, o organismo responsable da xestión do ENIL terá en consideración a súa compatibilidade co mantemento dos obxectivos medioambientais das masas de auga propostos no PHGC. Implicará a non alteración da súa condición química, ecolóxica e hidromorfolóxica, tanto en termos cualitativos como cuantitativos.

f) A capacidade de actuación estará condicionada polo dereito de propiedade das persoas titulares dos predios afectados.

Artigo 5. Titularidade dos terreos

A maioría dos terreos que compoñen o ENIL son de titularidade privada. No momento da elaboración deste plan, o Concello de Carral conta cunha parcela da súa titularidade englobada totalmente polos límites do ENIL (referencia catastral 15021A022000060000RK) e unha segunda parcela que se sitúa parcialmente dentro do espazo protexido (referencia catastral 15021A022000110000RD). Sumando estas dúas superficies, a superficie do ENIL de titularidade municipal é de 2,29 hectáreas, o que representa o 13,5% da superficie total do espazo protexido.

CAPÍTULO II

Análise do espazo, valores naturais e factores de risco

Artigo 6. Identificación dos valores naturais a conservar

1. Xeoloxía

O ENIL emprázase no Golfo Ártabro que, á súa vez, encádrase no macizo hespérico da cadea hercínica, na zona IV 'Galicia-Tras Os Montes' da clasificación paleográfica de Matte. O substrato xeolóxico é basicamente granítico, con rochas ancestrais e de marcado carácter ácido e moi permeables. Atópanse distintos tipos de rochas, destacando a presenza de xistos que ocupan boa parte da superficie do golfo, con cumios erosionados e vales onde se acumulan aluviós cuaternarios, preto de depósitos posteriores, ricos en materia orgánica e situados en superficies reducidas na beira dos ríos.

A historia xeolóxica responde ao esquema xeral proposto para o noroeste da Península Ibérica, é dicir, un grande período de calma en orixe no que se producen escasas perturbacións e predominan os procesos de sedimentación de materiais, para posteriormente verse afectados por movementos oroxénicos e procesos de metamorfismo. Os materiais de maior antigüidade correspóndense na súa maioría aos metasedimentos da 'Serie de Ordes'.

As rochas existentes pódense dividir en tres grandes grupos: metamórficas, plutónicas e filonianas. Dentro do primeiro grupo inclúense aquelas penas, tanto de orixe ígnea como sedimentaria, que sufriron polo menos unha fase de metamorfismo, riscándose a primitiva textura.

As características hidroxeográficas están fortemente condicionadas pola litoloxía e tectónica dos materiais existentes; debido á pouca porosidade destes, a viabilidade de augas profundas é escasa, e o afloramento de augas superficiais é debido aos numerosos planos de xistosidade e fracturas que captan grande parte da auga da chuva.

2. Climatoloxía

Analizáronse os datos climatolóxicos da estación máis próxima ao espazo natural, localizada na parroquia de Mabegondo (Abegondo), nas coordenadas UTM (ETRS89 Fuso 29) X= 559908; Y= 4787873. Esta instalación é unha das estacións meteorolóxicas automáticas da rede de estacións de MeteoGalicia. Escolleuse para o estudo o período 2002-2022.

No climograma, elaborado cos datos de precipitación media e temperatura media mensual que caracterizan á área, pódese observar que o mes de novembro é o que presenta unha precipitación máis elevada (167 mm), seguido polos meses de outubro e decembro con valores moi próximos. Os dous meses do ano máis cálidos son xullo e agosto, acadando case 19 °C de media. Pola contra, o mes máis frío é xaneiro, con 8,8 °C.





Figura 1. Climograma elaborado cos datos da estación meteorolóxica de Mabegondo.

No referente ao vento, a comparativa das rosas dos ventos do período 2019-2022 permite comprobar que as catro rosas son moi similares, cun predominio de ventos de compoñente sur, aínda que destacando tamén os ventos de compoñente oeste-suroeste, con apenas ventos de compoñente este. Tamén se observa que a porcentaxe de calmas é moi elevada, superando o 40%.



A análise do gráfico da evolución anual das temperaturas medias (máximas, mínimas e medias) permite concluír que as temperaturas son en xeral suaves, aínda que existe moita diferenza entre as mínimas e as máximas medias.




Figura 3. Evolución das temperaturas medias anuais (serie de Mabegondo) no período 2002-2022.




Figura 4. Evolución da precipitación anual no período 2002-2022.

3. Edafoloxía

Os tipos de materiais presentes no ámbito do ENIL dan lugar a distintos tipos de solos cuxa evolución está influenciada polo clima, a acción dos organismos, os axentes físico-químicos e a morfoloxía. No concello de Carral os solos dominantes son os 'ránkers' e as 'terras pardas', cuxa capacidade agrolóxica depende da súa profundidade, da permeabilidade e da pendente. Neste sentido, pódese afirmar que un 48,5 % das terras do concello contan cunha capacidade de labrado importante pola súa escasa permeabilidade, pendentes inferiores ao 15% e profundidades superiores aos 60 cm.

4. Hidroloxía

Segundo a información que figura no PHGC, o ámbito do ENIL localízase no sistema de explotación núm. 11: 'Río Mero, Arteixo e Ría da Coruña'.

Dentro dos límites do ENIL identifícanse varios cursos fluviais, tal e como se pode certificar no visor Nodo IDE da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa (<https://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>), se ben ningún destes tramos fluviais está delimitado como masa de auga superficial.

Nome	ID do curso fluvial	Código da masa de auga	Código do río
s/n	981510000758	-	-
s/n	10037738644	-	1220191202
Rego do Batán	1003773864	-	12201912

O vértice sur do ENIL engloba, ademais, un tramo duns 300 metros dun curso fluvial non recollido no Nodo IDE da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

A masa de auga superficial máis próxima sitúase no vértice norte do ENIL e correspóndese coa masa codificada como ES014MSPFES-014-NR-122-019-02-01 (Río Barcés), a cal figura no PHGC co estado 'peor que bo'. O ámbito do ENIL sitúase, ademais, na localización da masa de auga subterránea codificada como ES14MSBT014-010 (Mero-Mandeo).

No ámbito territorial do ENIL, así como augas abaixo, non se atopa ningunha das Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSI) definidas pola Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa no marco de implantación da Directiva de avaliación e xestión dos riscos de inundación (DC 2007/60/CE).

O forte desnivel do terreo no tramo baixo do rego do Batán ou río Abelleira, onde discorre cun elevado grao de encaixe, motiva a existencia de dúas pequenas fervezas: a coñecida como ferveza do Abelleira e unha segunda ferveza, sen nome, localizada augas abaixo da primeira.

5. Hábitats

A Directiva Hábitat ten por obxectivo a protección dos tipos de hábitat naturais e dos hábitats e as poboacións de especies silvestres (exceptuando as aves) da Unión Europea, mediante o establecemento dunha rede ecolóxica e dun réxime xurídico de protección das especies. Identifica máis de 200 tipos de hábitat e máis de 900 especies como de interese comunitario, e establece a necesidade de conservalos para o que obriga á adopción de medidas para mantelos ou restauralos nun estado de conservación favorable.

Esta directiva establece, ademais, un sistema de protección global das especies silvestres, identificando no seu anexo IV as especies de animais e plantas de interese comunitario que requiren dunha protección estrita, incluso fóra da Rede Natura 2000.

Tamén define aos 'tipos de hábitats naturais prioritarios' como os tipos de hábitats naturais ameazados de desaparición, cuxa conservación supón unha especial responsabilidade para a Comunidade.

O ENIL Río Abelleira alberga un tipo de hábitat tipificado como de interese comunitario considerado, ademais, como prioritario:

Código	Tipo de hábitat
91E0*	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> y <i>Fraxinus excelsior</i> (<i>Alno-Padion</i> , <i>Alnión incanae</i> , <i>Salicion albae</i>).

6. Flora

A depresión na que se atopa o concello de Carral inclúese, coroloxicamente, dentro do reino Holártico, rexión Eurosiberiana, subrexión atlántico-medioeuropea, superprovincia atlántica, subprovincia astur-galaica. Polo seu carácter limítrofe coa rexión Mediterránea, presenta tamén unha composición floral con elementos mediterráneos.

A vexetación clímax está constituída por bosques de carballo, distinguíndose fundamentalmente a serie de tipo outeiro galaica-portuguesa acedófila de carballo (*Quercus robur*), con asociacións de tipo *Rusco aculeati-Querceto roboris sigmetum*. Trátase dun tipo de carballeiras onde *Quercus robur* é a especie dominante, localizándose xunto a especies como o cerquiño (*Quercus pyrenaica*), a sobreira (*Quercus suber*), o bidueiro (*Betula pubescens*), o castiñeiro (*Castanea sativa*) e o ameneiro (*Alnus glutinosa*).

Non obstante, a vexetación actual na área do ENIL sufriu un cambio intenso respecto da vexetación potencial. Hoxe en día atópase moi influenciada pola acción humana, dominando en boa medida os campos de cultivo e as especies de coníferas. As accións de orixe antrópica degradaron os bosques, dando lugar ao desenvolvemento de xesteiras, series de matogueira propias da asociación *Ulici europaei-Cytisetum striatia*, estrutura que se corresponde coa dunha piorneira de gran talla rica en fentos (*Pteridium aquilinum*), silvas (*Rubus lusitanicus*), xestas (*Cytisus striatus*) e toxos (*Ulex europaeus*).

A degradación da matogueira orixinou a aparición de uceiras propias das asociacións *Ulicetum latebracteato-minoris*, *Erico umbellatae-Ulicetum minoris* e *Ulici-Ericetum cinerea*. Normalmente os terreos con estas series son os que se aproveitan con fins agrícolas, forestais ou gandeiros, onde permanecen poucos restos de vexetación orixinal, salvo algúns exemplares illados de carballo utilizados en ocasións coma cortaventos.

Salpican o territorio pequenas fragas de especies autóctonas coma carballos ou castiñeiros, xunto con outras especies alóctonas coma eucalipto ou piñeiro, introducidas por acción antrópica.

En xeral, no termo municipal os bosques riparios quedaron relegados a faixas lineais ao longo dos cursos fluviais como resultado da intensa explotación destes sistemas, sendo substituídos por cultivos e prados naturais. Tal é o caso do ENIL, onde a estrutura horizontal da vexetación riparia atópase degradada, ademais de pola produtividade dos prados e a explotación agrícola, pola proliferación de plantacións forestais intensivas.

É na zona da Costa da Égoa, onde o río discorre máis encaixado, na que se observa actualmente unha maior anchura da vexetación de ribeira. O bosque de ribeira da zona pertence á asociación *Senecio bayonensis-Alnetum glutinosae*, onde se distinguen ameneiros (*Alnus glutinosa*), bidueiros (*Betula pubescens*), salgueiros (*Salix atrocinerea*) e freixos (*Frangula alnus*).

Na seguinte táboa recóllese unha relación de especies vexetais de presenza coñecida no ámbito do ENIL, entre as que destacan especies de fentos escasas en Galicia como *Cystopteris diaphana* e *Dryopteris guanchica*, este último incluído no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA en diante) na categoría de 'vulnerable'.

Taxon	Nome vernáculo	Anexos da Directiva Hábitat (92/43/CEE)	LERSPE	CEEA	CGEA
<i>Alnus lusitanica</i>	Amieiro				
<i>Ajuga reptans</i>	Búgula				
<i>Aquilegia vulgaris</i> subs. <i>vulgaris</i>	Bonetes				
<i>Arenaria montana</i> subs. <i>montana</i>	Arenaria dos montes				
<i>Asplenium scolopendrium</i>	Cerviña				
<i>Athyrium filix-femina</i>	Fento femia				
<i>Betula sp</i>	Bidueiro				
<i>Cardamine amara</i>	Cardamine amarga				
<i>Carex pendula</i>	Carrizo dependulado				
<i>Cystopteris diaphana</i>	Fento diáfano				
<i>Campanula lusitanica</i>	Campaíña lusitana				
<i>Castanea sativa</i>	Castiñeiro				
<i>Clematis vitalba</i>	Clematite branca				
<i>Clinopodium nepeta</i>	Nébeda menor				
<i>Chrysosplenium oppositifolium</i>	Douradiña				
<i>Crataegus monogyna</i>	Espiñeiro albar				
<i>Daboecia cantabrica</i>	Cubilón				
<i>Digitalis purpurea</i>	Estraloque				
<i>Dioscorea communis</i>	Uvas de can				
<i>Dryopteris dilatata</i>	Fento macho grande				
<i>Dryopteris guanchica</i>	Fento macho guanche				Vu
<i>Euphorbia amygdaloides</i>	Leiteiriña dos bosques				
<i>Endymion non-scriptus</i>	Xacinto bravo				
<i>Frangula alnus</i>	Sanguiño				
<i>Fraxinus excelsior</i>	Freixo				
<i>Galium mollugo</i>	Presoira molar				
<i>Genista florida</i>	Pudia				
<i>Geranium robertianum</i>	Herba de San Roberto				
<i>Hedera helix</i>	Hedra				
<i>Hedera hibernica</i>	Hedra femia				
<i>Helleborus foetidus</i>	Heléboro fétido				

Taxon	Nome vernáculo	Anexos da Directiva Hábitat (92/43/CEE)	LERSPE	CEEA	CGEA
<i>Heracleum sphondylium</i>	Caniborcia				
<i>Hyacinthoides non-scripta</i>	Xacinto dos bosques				
<i>Ilex aquifolium</i>	Acivro				
<i>Lamium maculatum</i>	Chuchamel				
<i>Lonicera periclymenum</i>	Madresilva				
<i>Laurus nobilis</i>	Loureiro				
<i>Linaria triornitophora</i>	Paxariños azuis				
<i>Melitis melissophyllum</i>	Herba melisa				
<i>Narcissus triandrus</i>	Narciso triandro		X		
<i>Omphalodes nitida</i>	Embigueira brillante				
<i>Oxalis acetosella</i>	Aleluia				
<i>Pentaglottis sempervirens</i>	Lingua de boi				
<i>Polystichium setiform</i>	Fentalla				
<i>Prunella vulgaris</i>	Bruguela				
<i>Quercus pyrenaica</i>	Cerquiño				
<i>Quercus robur</i>	Carballo común				
<i>Quercus suber</i>	Sobreira				
<i>Ranunculus ficaria</i>	Celidonia menor				
<i>Ranunculus repens</i>	Bugallón rastreiro				
<i>Rumex acetosella</i>	Aceda menor				
<i>Ruscus aculeatus</i>	Xilbardeira				
<i>Salix alba</i>	Salgueiro branco				
<i>Salix atrocinerae</i>	Salgueiro zao				
<i>Sambucus nigra</i>	Sabugueiro				
<i>Scrofularia scorodonta</i>	Herba das escaldadelas				
<i>Silene dioica</i>	Cabaciñas				
<i>Struthiopteris spicant</i>	Fenta				
<i>Pteridium aquilinum</i>	Fento común				
<i>Ulex galii</i>	Toxo moural				
<i>Urtica dioica</i>	Ortigón				
<i>Viola reichenbachiana</i>	Violeta temporá				
<i>Vinca major subs. major</i>	Cangorza maior				

Taxon	Nome vernáculo	Anexos da Directiva Hábitat (92/43/CEE)	LESRPE	CEEA	CGEA
Directiva Hábitat, anexos II e/ou IV. LESRPE: Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial. CEEA: Catálogo Español de Especies Ameazadas. CGEA: Catálogo Galego de Especies Ameazadas. En: En perigo de extinción. Vu: Vulnerable.					

7. Fauna

A fauna, polo xeral, está moi condicionada pola propia situación xeográfica e as características ambientais que se dan nela, principalmente factores climáticos e usos do solo. Hoxe en día, a fauna presente no espazo dista da fauna potencial, precisamente debido á influencia humana, destrución de hábitats e/ou alteracións do medio físico, entre outras causas. As especies presentes atópanse moi adaptadas aos medios agrícolas e urbanos.

a) Fauna vertebrada

1º. Aves

O bosque de ribeira integrado no ENIL dá acubillo ou é empregado como zona de alimentación por distintas especies de aves estando, a maior parte das citadas no espazo, incluídas no LESRPE.

Taxon	Nome vernáculo	Anexos da Directiva Aves (2009/147/CE)	LESRPE	CEEA	CGEA
<i>Accipiter nisus</i>	Gabián eurasiático		X		
<i>Aegithalos caudatus</i>	Subeliño común		X		
<i>Anthus pratensis</i>	Pica dos prados		X		
<i>Buteo buteo</i>	Buxato común		X		
<i>Chloris chloris</i>	Verderolo europeo				
<i>Cinclus cinclus</i>	Merlo rieiro europeo		X		
<i>Cisticola juncidis</i>	Carriza dos xuncos		X		
<i>Corvus corax</i>	Corvo carnazal				
<i>Corvus corone</i>	Corvo viaraz	II			
<i>Cuculus canorus</i>	Cuco cinsento		X		
<i>Curruca atricapilla</i>	Papuxa das amoras		X		
<i>Curruca melanocephala</i>	Papuxa de cabeza negra		X		
<i>Cyanistes caeruleus</i>	Ferreiriño azul		X		
<i>Dendrocopos major</i>	Picapau grande		X		
<i>Emberiza cirrus</i>	Escribidor de papo negro		X		
<i>Erithacus rubecula</i>	Paporrubio		X		
<i>Fringilla coelebs</i>	Pimpín común				

Taxon	Nome vernáculo	Anexos da Directiva Aves (2009/147/CE)	LESRPE	CEEa	CGEA
<i>Fringilla montifringilla</i>	Pimpín do norte		X		
<i>Garrulus glandarius</i>	Gaio eurasiático				
<i>Hippolais polyglotta</i>	Folosa políglota		X		
<i>Linaria cannabina</i>	Liñaceiro de bico escuro				
<i>Motacilla alba</i>	Lavandeira branca		X		
<i>Motacilla cinerea</i>	Lavandeira real		X		
<i>Parus major</i>	Ferreiro real		X		
<i>Periparus ater</i>	Ferreiriño dos piñeiros		X		
<i>Phoenicurus ochruros</i>	Rabirrubio tizón		X		
<i>Phylloscopus collybita</i>	Picafollas europeo		X		
<i>Picus sharpei</i>	Peto verdeal ibérico		X		
<i>Prunella modularis</i>	Azulenta común		X		
<i>Pyrrhula pyrrhula</i>	Cardeal europeo		X		
<i>Regulus ignicapilla</i>	Estreliña riscada		X		
<i>Saxicola rubicola</i>	Chasco europeo		X		
<i>Serinus serinus</i>	Xirín europeo				
<i>Strix aluco</i>	Avelaiona da fraga		X		
<i>Troglodytes troglodytes</i>	Carriza eurasiática		X		
<i>Turdus philomelos</i>	Tordo músico	II			
<i>Turdus merula</i>	Merlo negro				
<i>Turdus viscivorus</i>	Tordo visgueiro	II			
<i>Tyto alba</i>	Curuxa común		X		
<i>Upupa epops</i>	Bubela eurasiática		X		

LESRPE: Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial. CEEa: Catálogo Español de Especies Ameazadas. CGEA: Catálogo Galego de Especies Ameazadas. En: En perigo de extinción. Vu: Vulnerable.

2º. Anfibios e réptiles

Pola súa vinculación aos hábitats acuáticos, entre os distintos grupos de fauna representada no ENIL, destacan especialmente os anfibios.

No espazo están presentes nove especies de anfibios, varias das cales aparecen recollidas nos anexos II e IV da Directiva Hábitat e no Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (LESRPE en adiante). Cabe destacar, en concreto, a salamántiga rabilonga (*Chioglossa lusitanica*), incluída ademais no Catálogo Español de Especies Ameazadas (CEEa en adiante) e no CGEA coa categoría de 'Vulnerable'; e

a ra verde (*Pelophylax perezi*), a ra patilonga (*Rana iberica*) e a ra de santo Antón (*Hyla molleri*) incluídas no CGEA na categoría de 'Vulnerable'.

Taxon	Nome vernáculo	Anexos da Directiva Hábitat (92/43/CEE)	LESRPE	CEEA	CGEA
<i>Alytes obstetricans</i>	Sapo parteiro	IV	X		
<i>Bufo spinosus</i>	Sapo común				
<i>Chioglossa lusitanica</i>	Salamántiga rabilonga	II, IV	X	Vu	Vu
<i>Discoglossus galganoi</i>	Sapiño pintado	II, IV	X		
<i>Hyla molleri</i>	Ra de santo Antón	IV	X		Vu
<i>Pelophylax perezi</i>	Ra verde				Vu
<i>Rana iberica</i>	Ra patilonga	IV	X		Vu
<i>Rana temporaria parvipalmata</i>	Ra vermella	IV	X		
<i>Lissotriton helveticus</i>	Tritón palmado		X		
<i>Salamandra salamandra</i>	Salamántiga común				

Directiva Hábitat, anexos II e/ou IV. LESRPE: Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial. CEEA: Catálogo Español de Especies Ameazadas. CGEA: Catálogo Galego de Especies Ameazadas. En: En perigo de extinción. Vu: Vulnerable.

En canto aos réptiles, das catro especies de presenza no espazo, o escáncer común (*Anguis fragilis*) está incluído no LESRPE, igual que a cobra lisa austríaca (*Coronella austriaca*), o lagarto ferreño (*Lacerta schreiberi*) e a cobra viperina (*Natrix maura*). A cobra lisa austríaca e o lagarto ferreño están incluídos ademais nos anexos da Directiva 92/43/CEE.

Taxon	Nome vernáculo	Anexos da Directiva 92/43/CEE	LESRPE	CEEA	CGEA
<i>Anguis fragilis</i>	Escáncer común		X		
<i>Coronella austriaca</i>	Cobra lisa austríaca	IV	X		
<i>Lacerta schreiberi</i>	Lagarto ferreño	II, IV	X		
<i>Natrix maura</i>	Cobra viperina		X		
<i>Podarcis bocagei</i>	Lagartixa galega				

Directiva Hábitat, anexos II e/ou IV. LESRPE: Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial. CEEA: Catálogo Español de Especies Ameazadas. CGEA: Catálogo Galego de Especies Ameazadas. En: En perigo de extinción. Vu: Vulnerable.

3º. Peixes

Entre as especies de peixes inventariadas no ENIL atópase un taxon incluído no Anexo II da Directiva Hábitat, a boga do Douro (*Pseudochondrostoma duriense*).

Taxon	Nome vernáculo	Anexos da Directiva Hábitat 92/43/CEE	LESRPE	CEEA	CGEA
<i>Pseudochondrostoma duriense</i>	Boga do Douro	Anexo II			
<i>Salmo trutta</i>	Troita común				

Directiva Hábitat, anexos II e/ou IV. LESRPE: Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial. CEEA: Catálogo Español de Especies Ameazadas. CGEA: Catálogo Galego de Especies Ameazadas. En: En perigo de extinción. Vu: Vulnerable.

4º. Mamíferos

Entre os mamíferos presentes no espazo protexido destacan dúas especies de carnívoros incluídos nos anexos da Directiva Hábitat: a xeneta (*Genetta genetta*) e a lontra (*Lutra lutra*). Tamén destaca a presenza de dúas especies ameazadas de quirópteros: o morcego de ferradura grande (*Rhinolophus ferrumequinum*) e o morcego de ferradura pequeno (*Rhinolophus hipposideros*).

Taxon	Nome vernáculo	Anexos da Directiva Hábitat 92/43/CEE	LESRPE	CEEA	CGEA
<i>Erinaceus europaeus</i>	Ourizo cacho				
<i>Genetta genetta</i>	Xeneta	V			
<i>Lutra lutra</i>	Lontra	II, IV	X		
<i>Martes foina</i>	Fuíña				
<i>Meles meles</i>	Teixugo				
<i>Rattus norvegicus</i>	Rata común				
<i>Rattus rattus</i>	Rata cincenta				
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>	Morcego de ferradura grande	II, IV	X	Vu	Vu
<i>Rhinolophus hipposideros</i>	Morcego de ferradura pequeno	II, IV	X		Vu
<i>Sciurus vulgaris</i>	Esquíu vermello				
<i>Sus scrofa</i>	Xabaril				
<i>Talpa europaea</i>	Toupa				
<i>Vulpes vulpes</i>	Raposo común				

Directiva Hábitat, anexos II e/ou IV. LESRPE: Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial. CEEA: Catálogo Español de Especies Ameazadas. CGEA: Catálogo Galego de Especies Ameazadas. En: En perigo de extinción. Vu: Vulnerable.

b) Fauna invertebrada

Entre as especies de invertebrados presentes no ENIL é destacable o caracol de Quimper (*Elona quimperiana*), incluído nos anexo II e IV da Directiva 92/43/CE, así coma no CGEA coa categoría de 'en perigo'. Tamén está presente no espazo a lesma manchada (*Geomalacus maculosus*), incluída no anexo II da Directiva 92/43/CE e catalogada como 'vulnerable' no CGEA.

Taxon	Nome vernáculo	Anexos da Directiva Hábitat 92/43/CEE	LESRPE	CEEA	CGEA
<i>Aglais io</i>	Páxara				
<i>Calopteryx virgo</i>	Gaiteiro azul				
<i>Carabus lineatus</i> subsp. <i>lateralis</i>	Cáрабо riscado				
<i>Cordulegaster boltonii</i>	Tizón de Bolton				
<i>Elona quimperiana</i>	Caracol de Quimper	II, IV	X		En
<i>Deltote pygarca</i>	-				
<i>Erynnis tages</i>	Saltareira común				
<i>Eratigena inermis</i>	Funileira inerme				
<i>Geomalacus maculosus</i>	Lesma manchada	Anexo II	X		Vu
<i>Gonepteryx rhamni</i>	Limoeira común				
<i>Gyas titanus</i>	Arañol xigante				
<i>Haemopsis sanguisuga</i>	-				
<i>Idaea adversata</i>	-				
<i>Limax maximus</i>	Lesma leopardo				
<i>Lucanus cervus</i>	Vacaloura	Anexo II	X		
<i>Ochropacha duplaris</i>	-				
<i>Orthetrum cancellatum</i>	Libélula de cu negro				
<i>Palomena prasina</i>	Percebexo verde				
<i>Pararge aegeria</i>	Apincharada común				
<i>Patania ruralis</i>	-				
<i>Pentatotoma rufipes</i>	Percebexo de patas rubias				
<i>Pieris napi</i>	Anxo da colza				
<i>Pisaura mirabilis</i>	Araña de berzario				
<i>Polygonia c-album</i>	Esnacada do ce branco				
<i>Pseudophilotes baton</i>	Tomiñeira de Batón				
<i>Pyronia tithonus</i>	Silveira europea				
<i>Pyrrhosoma nymphula</i>	Donceliña vermella				
<i>Vanessa atalanta</i>	Feiticeira común				

Directiva Hábitat, anexos II e/ou IV. LESRPE: Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial. CEEA: Catálogo Español de Especies Ameazadas. CGEA: Catálogo Galego de Especies Ameazadas. En: En perigo de extinción. Vu: Vulnerable.

8. Paisaxe

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, aprobado mediante o Decreto 119/2016, do 28 de xullo, o ENIL Río Abelleira localízase entre as grandes áreas paisaxísticas do Golfo Ártabro e da Galicia Central, dentro das comarcas paisaxísticas do Golfo Ártabro Interior e Terra de Ordes. A área de interese paisaxístico máis próxima corresponde ao Monte do Xalo (AEIP_10-09), localizada ao norte do ENIL.

Artigo 7. Outros valores do espazo

1. Outras figuras de protección

A maior parte da superficie do ENIL intégrase na Zona de Transición da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, agás unha área de aproximadamente 0,9 ha, no vértice norte, que se sitúa dentro da Zona Tampón.

A Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo abrangue un total de 116.724 ha, repartidas en 17 concellos, constituíndo a segunda reserva da biosfera galega por orde de superficie, e a primeira da provincia da Coruña.

2. Valores culturais

No vértice sur do espazo protexido, no lugar das Travesas (Santa Mariña da Beira), sitúase o Castro das Travesas (GA15021005). Trátase dun castro ben conservado composto por cinco espazos de habitación principais configurados por murallas que se articulan de xeito gradual: o castro e antecastro, cunha conservación excelente; unha pequena terraza situada entre o castro e o antecastro definida por un terraplén e a muralla do antecastro; unha gran terraza ben definida por murallas e restos de foso; xunto con dúas ampliacións laterais, unha cara ao sector sueste e outra cara ao leste. O castro ocupa unha superficie superior ás 12 ha, sendo considerado o castro máis extenso da provincia da Coruña.

A zona sur do ENIL localízase, ademais, no territorio histórico do Camiño de Santiago Inglés, delimitado no Decreto 110/2014, do 4 de setembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago Inglés.

Na zona central do espazo protexido sitúase a referencia arqueolóxica 'Antiga estrada N-550' (RE15021003); restos da primitiva estrada construída a mediados do século XVIII e hoxe empregada como camiño forestal, con características técnicas superiores a un camiño tradicional: anchura, desmontes, preparación da caixa e infraestrutura viaria asociada. A pesar das evidentes mostras dun grande uso, non se percibe empedrado, aínda que ten unha capa de xabre batido. A categoría da vía evidénciase a través de certos elementos de infraestrutura viaria: a fonte das covas de Hervés ou a 'Ponte Abelleira' (RE15021004), ponte exemplo da enxeñería civil do século XIX.

Cara ao norte localízase o 'Conxunto hidráulico da Costa da Égoa Batán' (RE15021010), catorce muíños que se concentran nun treito do río Abelleira duns 500 metros, case todos intercomunicados por canles que discorren por grandes desmontes. Historicamente estes muíños relaciónanse co pan de Carral, xa que era neles onde se moía o cereal para despois cocelo nos fornos de Hervés.

Esta tecnoloxía pre-industrial foi aproveitada a principios do século XX para colocar unha dínamo e producir enerxía eléctrica cunha tecnoloxía propiamente industrial. Este conxunto etnográfico constitúe unha representación salientable de varios fitos tecnolóxicos con grande transcendencia histórica, local e xeral.

A Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, no seu artigo 35. *Protección do Patrimonio Cultural na planificación urbanística*, referencia que 'os instrumentos de planificación urbanística incluírán necesariamente no seu catálogo todos os bens inmobles do patrimonio cultural, tanto os inscritos no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia como no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia situados no ámbito territorial que desenvolvan, no momento da aprobación inicial da figura de planificación, como aquelas que indique de xeito motivado a consellería competente en materia de patrimonio cultural ou a entidade local correspondente, estean ou non incorporados ao censo'.

Neste sentido, no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM en adiante) do concello de Carral, en fase de aprobación inicial, recóllense os distintos elementos catalogados do termo municipal, tanto arquitectónicos como arqueolóxicos. Os que se atopan dentro dos límites xeográficos do ENIL aparecen catalogados do seguinte xeito:

Denominación	Tipoloxía	Lugar	Parroquia	UTM (ETRS89 -Fuso 29)
Muíños da Costa da Égoa	Construcións populares	Costa da Égoa	Beira (Sta. Mariña)	X: 551.313 Y: 4.781.785
Ponte Abelleira	Obra civil	Abelleira	Beira (Sta. Mariña)	X: 551.527 Y: 4.781.138
Castro das Travesas	Castro	Paiolante	Beira (Sta. Mariña)	X: 552.110Y: 4.779.400

Por outra banda, o artigo 75.2 da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia determina que a aprobación definitiva da traza e do territorio histórico de calquera ruta dos Camiños de Santiago obriga aos concellos, en cuxo territorio se localiza, a incorporala aos seus instrumentos de planificación urbanística e a establecer as determinacións específicas para a súa protección.

En base a isto, o PXOM do concello de Carral incorpora a traza do Camiño de Santiago Inglés que discorre polo termo municipal no seu listado de bens catalogados, situándose a dita traza fóra dos límites marcados para o ENIL.

A localización destes elementos patrimoniais amósase na cartografía adxunta, no plano 3 do anexo II.

CAPÍTULO II

Usos tradicionais e gravames

Artigo 8. *Usos e infraestruturas*

No ámbito deste Plan de conservación enténdense por aproveitamentos tradicionais aqueles realizados historicamente sobre os recursos naturais do espazo protexido. Comprenden as prácticas e/ou actividades levadas a cabo polas comunidades da contorna ao longo do tempo.

A principal actividade tradicional dentro dos límites do espazo consistía na obtención de fariña no conxunto de muíños localizados no sector norte, fariña que se empregaba na elaboración do pan de Carral. Na actualidade, o conxunto hidráulico xa non ten esa función, quedando coma fito histórico. A existencia e conservación deste conxunto non só é perfectamente compatible cos recursos naturais da zona, senón que aporta un elevado valor patrimonial á zona.

Por outra banda, segundo a información proporcionada polo organismo de cunca, non existen actualmente aproveitamentos nin concesións de recursos hídricos inscritos no Libro de Rexistro de Augas.

Os usos actuais do espazo son fundamentalmente agrarios, gandeiros e forestais e, en menor medida, existe actividade de caza e pesca fluvial. Como resultado da xestión forestal, o bosque caducifolio característico da zona que rodea á vexetación de ribeira foi substituído por plantacións de eucaliptos e piñeiros.

Dentro do ámbito territorial do ENIL existía un terreo cinexético ordenado: o TECOR 'Veira', actualmente extinto mediante a resolución do 19.01.2023, ditada pola titular do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Coruña. Segundo o establecido na antedita resolución, nos terreos que ocupaba o TECOR estará permitido o exercicio da caza sen máis limitacións que as establecidas na Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia e demais normativa sectorial aplicable. A xestión cinexética destes terreos corresponderá á Xunta de Galicia. Os terreos que ocupaba o TECOR que, de acordo co artigo 42 da Lei 13/2013, do 23 de decembro, tivesen a consideración de zonas de seguridade, conservarán esta condición.

O ENIL conta con accesos pola estrada N-550 (ao norte do sector), á altura de Hervés, e pola AC-542, a través da estrada que dá acceso ao Castro das Travesas, en contacto coa subestación eléctrica das Travesas (ver plano 2 do anexo II).

A ruta de sendeirismo PR-G101 'Roteiro Mariñán Costa da Égoa' pasa por diante da casa de turismo rural Costa da Égoa e atravesa parcialmente o ENIL. Neste entorno, un dos muíños está reformado como Ecomuseo aberto ao público; non obstante, non existen sendeiros ao longo de todo o trazado do ENIL, agás a ruta antes indicada.

Nas zonas contiguas ao espazo mantéñense os usos agrarios, gandeiros e forestais, así como o uso residencial.

Artigo 9. *Gravames*

Os gravames existentes no espazo natural son os seguintes:

1. Os derivados do Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas. Segundo a dita normativa, os cursos fluviais englobados no ENIL están afectados por unha zona de servidume de 5 metros de ancho para uso público que se regulará, e por unha zona de policía de 100 metros de ancho na que se condicionará o uso do solo e as actividades que se poidan desenvolver.

2. Os derivados da servidume de paso de enerxía eléctrica, segundo o establecido no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, co alcance determinado na Lei do Sector Eléctrico e na lexislación xeral sobre expropiación forzosa. O ENIL é atravesado por liñas eléctricas que chegan a unha estación eléctrica que linda co espazo, coa conseguinte necesidade de manter faixas de seguridade libres de matogueira espontánea e vexetación seca.

3. Dereitos de propiedade das persoas titulares das predios privados existentes dentro do ENIL.

Artigo 10. *Identificación dos factores de risco que poidan afectar aos valores naturais*

1. Contaminación do medio hídrico

Os cursos fluviais abrangidos no ENIL non reciben vertidos autorizados de augas residuais depuradas no seu percorrido, aínda que existe un aliviadoiro ao dominio público no sistema de recollida das augas residuais fecais xeradas na casa rural Costa da Égoa.

Na contorna do ENIL existe o rexistro de vertedoiros incontrolados en localizacións próximas ao viario nos que se acumularon entullos e electrodomésticos no pasado. Actualmente, dentro dos límites do ENIL só existe unha zona de depósito incontrolado de residuos situada baixo a estrada N-550.

En canto ás posibles fontes de contaminación difusa, cómpre citar a incineradora do Complexo Medioambiental de SOGAMA, localizada no concello veciño de Cerceda e clasificada na categoría de 'grandes instalacións de combustión', actividade incluída no Anexo IV (cód. 0101) da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, no que se recollen as actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera, catálogo actualizado e modificado polo Real Decreto 100/2011, de 28 de xaneiro, polo que se actualiza o catálogo de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera e establécense as disposicións básicas para a súa aplicación.

Nesta mesma categoría estivo incluída a central termoeléctrica de Meirama, tamén no termo municipal de Cerceda, aínda que moi próxima aos límites do ENIL. Actualmente, esta instalación atópase desmantelada.

No termo municipal de Carral existen dúas actividades industriais próximas ao ENIL pero situadas igualmente fóra dos seus límites: unha explotación porcina titularidade da mercantil 'Vidal e Hijos, C.B.', e unha planta de fabricación de formigón titularidade da mercantil 'Hormigones Carral, S.L.'

A explotación porcina conta con autorización ambiental integrada (AAI) con clave de expediente 2010-IPPC-1015-249 (clave de modificación: 2012-IPPC-M-110). Segundo se recolle no documento normativo, o xurro producido na granxa, xunto coas augas residuais de limpeza das instalacións así como as augas residuais fecais xeradas nos aseos e vestiarios, almacénanse en fosas de xurro exteriores. Estes xurros son retirados periodicamente para logo ser empregados como fertilizante órgano-mineral.

Para a planta de fabricación de formigón non consta autorización ambiental integrada ou autorización de vertido ao dominio público hidráulico.

2. Presión urbanística e antropización do espazo

Na contorna máis próxima ao ENIL non existen núcleos poboacionais de consideración, polo que as tensións ás que se atopa sometido o espazo fluvial responden principalmente á proliferación de plantacións forestais no perímetro, ao cruce de liñas de transporte de enerxía eléctrica asociadas á subestación eléctrica de Mesón do Vento e ao trazado das vías de comunicación existentes (estradas N-550 e DP-2101, camiños e pistas forestais).

Entre os elementos que orixinan unha depreciación da paisaxe, cabe destacar a presenza de plantacións forestais dentro dos límites do ENIL. Outro efecto derivado da existencia destas plantacións é a presenza de exemplares asilvestrados en zonas que albergan o hábitat prioritario 91E0*.

No referente á posible afección orixinada por infraestruturas lineais, no ámbito do ENIL deben considerarse as infraestruturas de transporte viario e as liñas de transporte de enerxía eléctrica.

As infraestruturas lineais de transporte viario orixinan diversas afeccións na paisaxe, entre outras, a fragmentación dos hábitats, a restrición ao movemento das especies (efecto barreira), a mortalidade por atropelo, a diminución da calidade do ecosistema derivada do ruído xerado polo tráfico, a difusión de contaminantes ou a contaminación luminosa. A este respecto cabe citar que, na súa zona central, atravesan o espazo protexido dúas vías: a estrada N-550 e a estrada DP-2101. A estrada N-550 discorre ademais en paralelo ao linde do ENIL no seu vértice norte.

Á subestación eléctrica de Mesón do Vento, sita no lugar das Travesas, chegan varias liñas de transporte eléctrico que cruzan en distintos puntos a superficie do ENIL. Nas liñas de transporte, distribución e evacuación da enerxía eléctrica debe respectarse o establecido na regulamentación electrotécnica de aplicación e, igualmente, o establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, no referente ás redes primarias de xestión de biomasa. Nas marxes fluviais esas actuacións de xestión da biomasa orixinan unha perda da vexetación de ribeira o que, á súa vez, conduce á interrupción da continuidade do río como corredor para a fauna asociada.

3. Introducción de especies exóticas

Segundo o Real Decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras, considéranse especies exóticas ou alóctonas (tamén denominadas neófitas, foráneas ou non nativas) aquelas especies ou subespecies, incluíndo as súas partes, gametos, sementes, ovos ou propágulos, que puideran sobrevivir ou reproducirse introducidos fóra da súa área de distribución natural e da súa área potencial de dispersión, que non houbera podido ocupar sen a introdución directa ou indirecta, ou sen o coidado do ser humano.

Na contorna do ENIL localízanse áreas con presenza de especies de flora exótica invasora como a orella de gato (*Tradescantia fluminensis*), a herba das pampas (*Cortaderia selloana*), a acacia negra (*Acacia melanoxylon*) ou a falsa acacia (*Robinia pseudoacacia*), incluídas todas elas no Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras (CEEI); e tamén exemplares de especies consideradas no Listado de especies alóctonas susceptibles de competir coas especies silvestres autóctonas, alterar a súa pureza xenética ou os equilibrios ecolóxicos, como a tintureira (*Phytolacca americana*). Con todo, non se teñen datos da presenza actual destas especies dentro dos límites do espazo protexido, ao que posiblemente estea contribuíndo o feito de que non se produza un uso público intensivo.

Neste aspecto, as tarefas de mantemento realizadas nas trazas dos tendidos eléctricos constitúen unha posible vía de expansión das especies de flora exótica invasora, moitas delas heliófilas, polo deterioro do solo e a limitación do crecemento vexetativo das especies autóctonas que implica a realización de rozas e o emprego de herbicidas.

No relativo á fauna exótica invasora, é posible a presenza no espazo de especies como o visón americano (*Neovison vison*), dada a súa ampla distribución en Galicia, e da vespa asiática (*Vespa velutina* ssp. *nigrithorax*). Outras especies de fauna exótica invasora aparecen xa citadas no termo municipal de Carral, aínda que fóra dos límites do ENIL; tal é o caso do bico de coral (*Astrilda astrild*), ave de orixe africana, ou o caranguexo vermello americano (*Procambarus clarkii*), que colonizou o encoro de Cecebre e podería dispersarse augas arriba ao río Barcés e a súa bacía.

4. Uso público excesivo

O uso público do espazo atópase actualmente limitado por varios factores como, por exemplo, a falta de adecuación ao uso público do Castro das Travesas ou ao feito de que as sendas existentes, moi estreitas pola propia conformación do terreo, se concentren no vértice norte do espazo, na localización da Costa da Égoa, coincidindo cun tramo da ruta PR-G101.

Así e todo, deberá terse en conta que as posibles actuacións en materia de infraestruturas destinadas ao uso público, como sería por exemplo a construción de novas sendas peonís, poden supor un incremento no número de visitantes que acudan ao espazo.

Cabe mencionar neste apartado a celebración, con periodicidade anual, da BTT Carral e do Trail Val de Barcia, organizadas polo Club BTT Carral e o Concello de Carral. O percorrido desta proba en edicións anteriores atravesou puntualmente o ENIL, empregando unha vía situada no vértice norte do espazo.

5. Fragmentación do hábitat e perda de conectividade ecolóxica

Dos distintos tipos de corredores ecolóxicos que poden recoñecerse na Península Ibérica (montañosos, fluviais, litorais e mariños) son os corredores fluviais os que de maneira máis efectiva favorecen o refuxio, movemento e dispersión dun gran número de especies silvestres, pertencentes a distintos grupos taxonómicos e a distintos tipos de ambientes.

O concepto de corredor fluvial abarca o conxunto do territorio fluvial, é dicir, o río na súa canle de estiaxe, a vexetación de ribeira e o espazo ocupado polas augas durante as crecidas, xunto coa cuberta vexetal. O valor ecolóxico destes corredores vese incrementado pola función fundamental de conexión entre zonas de elevado valor ambiental territorialmente afastadas. Esta función reviste unha especial importancia ao atoparse actualmente moi fragmentados os ecosistemas terrestres polas infraestruturas e os diversos usos do solo.

A este respecto, entre os factores susceptibles de orixinar perda de conectividade ecolóxica no ENIL, cabería citar a incidencia sobre a ripisilva das liñas de transporte de enerxía eléctrica que cruzan o espazo protexido, especialmente no vértice sur. A eliminación da vexetación na traza da liña, sen distinción do tipo de arborado e do seu carácter alóctono ou autóctono, supón a interrupción da ripisilva en varios puntos e a consecuente perda de continuidade ecolóxica.

Debe terse tamén en consideración a expansión cara ás zonas de ribeira das especies forestais de crecemento rápido procedentes das plantacións forestais existentes no propio espazo ou na súa contorna. Este feito contribúe tamén á redución da extensión da vexetación de ribeira, provocando fragmentación do hábitat.

6. Cambio climático

Calquera variación que se produce no clima repercute sobre o ciclo hidrolóxico e sobre os ecosistemas asociados. O cambio climático xera un efecto cascada nos ecosistemas fluviais a partir do seu impacto sobre o balance hídrico, incidindo nos procesos fluviais e condicionando a permanencia das comunidades biolóxicas que viven nestes ecosistemas, producindo cambios na súa estrutura e dinámica.

Para o caso da vexetación de ribeira, poderían citarse as alteracións na extensión destas formacións e a consecuente redución da conectividade, os cambios na composición da vexetación de ribeira e acuática,

a diminución de especies vulnerables e o incremento de especies exóticas invasoras, os cambios na fenoloxía das especies ou o empeoramento do estado fitopatolóxico das formacións vexetais.

Os posibles efectos do cambio climático na zona foron analizados mediante unha análise desenvolvida por MeteoGalicia con modelos rexionais (*Regional Climate Models*, RCM) executados no marco da iniciativa europea EURO-CORDEX. Para isto seleccionáronse os datos diarios dun grupo de once modelos rexionais aniñados aos cinco modelos globais máis fiables para o sector do Atlántico Norte, dous escenarios distintos de concentración de gases de efecto invernadoiro (RCP 4.5 e RCP 8.5) e dous períodos climáticos de 30 anos, un a mediados e outro a finais deste século (2031-2060 e 2061-2090).

Os resultados amosan que o cambio climático poderá afectar nas próximas décadas ao espazo en base ás variacións nas seguintes variables climáticas: temperatura, precipitación, días de verán, días de xeadas, días de chuvia e índice de días moi chuviosos, entre outros, en función das condicións actuais e dos resultados amosados polos modelos climáticos rexionalizados (horizontes temporais 2031-2060 e 2061-2090).

En canto ás proxeccións climáticas, os escenarios contemplados foron o 4.5 (aquel no que se proxecta o que ocorrerá se se toman medidas de mitigación) e o 8.5 (aquel no que se proxecta o que ocorrería se non se toma ningunha medida). Para cada variable estudada preséntase o escenario máis favorable nos dous horizontes temporais indicando para Galicia os valores máximos, mínimos e a mediana.

Respecto á análise destas variables, cómpre destacar que o valor medio futuro da variable precipitación para o horizonte 2031-2060 diminuirá nun 3,9 %, amosando os modelos unha mingua menor para o período 2061-2090, cunha diminución do 3,3 % para o escenario 4.5. No caso do escenario 8.5, o valor medio futuro da variable precipitación para o horizonte 2031-2060 diminuirá nun 5,4 %; para o período 2061-2090 diminuirá nun 9,8 %.

O valor medio da temperatura máxima para o escenario RCP 4.5 aumentará en 1,3 °C no período 2031-2060, pasando a ser o aumento de 1,6 °C no horizonte 2061-2090. Obsérvase a mesma tendencia para o valor medio futuro da temperatura mínima con incrementos de 1,2 °C e 1,5 °C para os respectivos períodos. A temperatura media amosa as mesmas variacións que a temperatura mínima. En canto ao escenario RCP 8.5, a temperatura máxima aumentará en 1,4 °C no primeiro horizonte e en 2,9 °C no segundo; mentres que tanto para a temperatura mínima como para a media, o aumento será de 1,4 °C no primeiro horizonte, prevéndose un aumento de 2,7 °C no segundo.

Os días de verán (aqueles cunha temperatura máxima por riba dos 25 °C), aumentarán en termo medio en 22,4 días no período 2031-2060, pasando a 28,2 días no horizonte 2061-2090 (escenario RCP 4.5). En canto ao escenario RCP 8.5, no primeiro horizonte aumentarán en termo medio 25,7 días e 53,8 días no segundo horizonte.

Os días de xeadas ($T^a \text{ min} < 0 \text{ °C}$), diminúen ata -0,1 días por ano para ambos escenarios e nos dous horizontes considerados no estudo.

Os días moi chuviosos (con chuvias por enriba do percentil 95 dos días chuviosos durante o período 1971-2000) para o escenario RCP 4.5, o valor é de 0,3 días no horizonte 2031-2060, e de 0,8 días no horizonte 2061-2090. Para o escenario RCP 8.5, o valor é de 0,8 días nos dous horizontes considerados.

O número de días de chuvia ($PP \geq 1 \text{ mm}$) diminúe para o escenario RCP 4.5 en 19,9 días no período 2031-2060 e en 11 días no 2061-2090. No escenario RCP 8.5, o número de días de chuvia diminuírá en 12 no período 2031-2060 e en 24 días no 2061-2090.

CAPÍTULO III

Normativa de aplicación

Artigo 11. Obxectivos xerais

1. Conservar a diversidade dos recursos biolóxicos, procurando a mellora dos hábitats e das poboacións de fauna y flora autóctonas, en especial das ameazadas, as endémicas e as representativas dos hábitats do espazo.

2. Conservar e restaurar o patrimonio etnográfico e arqueolóxico existente no ámbito do ENIL, promovendo a súa utilización racional como instrumento de desenvolvemento cultural, de soporte dos valores naturais e de recurso para o uso público.

3. Promover a conectividade con outros espazos de alto valor ambiental situados na contorna mediante a conservación dos corredores ecolóxicos e a xestión daqueles elementos da paisaxe e áreas do territorio que resulten de importancia para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético entre poboacións de flora e fauna silvestres.

4. Promover as actividades de investigación que permitan un maior coñecemento dos valores naturais e culturais do espazo protexido.

5. Realizar unha xestión axeitada do uso público que permita ás persoas visitantes achegarse aos valores naturais e culturais do espazo dunha forma ordenada, segura e que garanta a conservación e a comprensión dos ditos valores mediante o desenvolvemento de actividades educativas e de interpretación do patrimonio do ENIL.

6. Difundir a importancia do bosque de ribeira como un ecosistema único que proporciona servizos ecosistémicos de gran valor tales como a mellora da calidade da auga, a protección das ribeiras durante as avenidas ou o seu funcionamento como corredor ecolóxico para numerosas especies.

CAPÍTULO IV

Zonificación

Artigo 12. Zonificación

O espazo caracterízase pola presenza do río Abelleira, así como das especies típicas do bosque de ribeira na franxa paralela ao río. Tamén hai exemplares de castiñeiros e sobreiras de máis de 100 anos, elementos patrimoniais como o conxunto hidráulico formado por catorce muíños e restos arqueolóxico como o Castro das Travesas, conferíndolle á zona unha importancia adicional desde o punto de vista do patrimonio arqueolóxico e cultural.

Tendo en conta a súa reducida superficie e a súa homoxeneidade, non se considera necesario establecer ningunha zonificación.

CAPÍTULO V

Normativa de aplicación

Artigo 13. Directrices xerais

1. Estableceranse medidas de conservación e recuperación do hábitat 91E0*, con especial atención ás encamiñadas a reducir a súa fragmentación mediante o aumento da conectividade e permeabilidade ecolóxicas.

2. Priorizaranse as medidas de conservación, preservación e recuperación das especies silvestres de flora e fauna, con especial atención a aquelas que teñan a consideración de protexidas por normativas internacionais, comunitarias, nacionais ou galegas.

3. Efectuarase unha xestión activa dos recursos naturais do ENIL, velando polo mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos ecosistemas. A conservación orientarase a asegurar a evolución natural do medio e das súas especies características.

4. Durante a realización de traballos de mantemento (cortas, podas, rozas) velarase polo mantemento dos elementos que sirvan como hábitat secundario, de refuxio, de cría ou de alimentación de especies protexidas, evitando rozas intensivas de vexetación.

5. Procurarase contar cunha brigada de conservación e mantemento formada por persoal con coñecemento en materia de conservación do patrimonio natural e con ferramentas axeitadas para os traballos de conservación.

6. A xestión do ENIL procurará a mellora paulatina da calidade das augas, tanto superficiais coma subterráneas, evitando todo tipo de vertidos e controlando aqueles procedentes, especialmente, da actividade agraria.

7. Na medida do posible deberase preservar, conservar e rexenerar a paisaxe, modificando as infraestruturas que lle poidan afectar negativamente e incorporando o criterio de mínimo impacto a todas as actuacións que se pretendan desenvolver na zona.

8. Evitarase a introdución e proliferación de especies alóctonas e exóticas invasoras.

9. Realizaranse labores de control das poboacións de fauna de existir probas suficientes de que a súa proliferación causa danos significativos a outras especies, hábitats, comunidades ou valores recoñecidos, ou pola aparición de epizootias na propia poboación. Os ditos labores deben levar aparellada a declaración de praga consonte ao artigo 13 da Lei 5/2019, do 2 de agosto.

10. Evitarase a contaminación acústica. A tal fin, valorarase a instalación de pantallas vexetais como barreira acústica nas zonas en contacto coa estrada N-550.

11. Procurarase manter unha paisaxe de luz natural. Así, no alumeado existente ou no que se proxecte instalar, evitarase a emisión de luz directa cara ao ceo, así como un exceso no nivel de iluminación.

12. Tratarase de poñer en valor o castro das Travesas, en coordinación coa Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

13. Velarase pola correcta sinalización e regulación dos accesos ao ENIL, procurando unha mínima circulación pola zona, para o que se adecuarán zonas como áreas de aparcadoiro.

14. No deseño dos sendeiros, tanto para os existentes coma para os que se poidan habilitar nun futuro, priorizarase o seu uso exclusivamente peonil, polo que serán estreitos e adaptados á xeomorfoloxía da zona, debendo deseñarse avaliando criterios ambientais e de planificación do uso público. Excepcionalmente, na coincidencia co sendeiro PR-G101 permitirase o uso mixto dalgún tramo de sendeiro.

15. Evitarase o uso ou instalación de elementos artificiais nos labores de adecuación ou mantemento dos sendeiros e pistas existentes, empregando materiais que minimicen o impacto ambiental e paisaxístico.

16. Velarase pola limpeza do ámbito do ENIL, evitando as acumulacións de residuos, particularmente baixo a ponte da Abelleira.

17. Estableceranse programas de recuperación daquelas áreas nas que a paisaxe se atope degradada.

18. Á hora de levar a cabo calquera actuación terase en conta a zona de servidume e policía, de acordo coa Lei de Augas e co Regulamento do dominio público hidráulico. Rexerá o principio de mínima intervención no río. Calquera actuación nas súas marxes, ribeira ou leito deberá contar con autorización da administración hidráulica.

19. Teranse en consideración as posibles afeccións incompatibles co mantemento dos obxectivos medioambientais propostos no PHGC para as masas de auga que puideran verse afectadas directa ou indirectamente, o que implicará a non alteración da súa condición química, ecolóxica e hidromorfolóxica, tanto en termos cuantitativos como cualitativos.

20. As actividades deseñadas para visitantes deberán ser compatibles coa conservación e o mantemento dos valores naturais do espazo. Facilitaráselles o coñecemento do medio a través de información sobre os valores naturais e etnográficos. Neste sentido, habilitarase o eco-museo da Costa da Égoa como espazo de usos múltiples e centro de interpretación da riqueza natural e etnográfica.

21. Fomentaranse os estudos e inventarios sobre fauna, flora e patrimonio etnográfico do río.

22. O Concello traballará na sensibilización e educación ambiental en todos os ámbitos, tanto para a comunidade educativa como para a poboación en xeral, a través da realización de actividades educativas e de divulgación.

23. Na medida do posible e dadas as condicións físicas da zona, facilitarase o acceso a persoas con discapacidade, adaptando para isto as áreas máis axeitadas.

Artigo 14. *Administración e xestión do ENIL*

1. Corresponde ao Concello de Carral a xestión e conservación do ENIL Río Abelleira. Atendendo á estrutura organizativa municipal, será a concellería con competencias en materia de medio ambiente a encargada de coordinar e dirixir as tarefas de conservación, mantemento e xestión. A prestación de servizos, realización de traballos ou rutinas por parte doutras concellerías ou departamentos municipais deberá ser comunicada, de maneira previa á súa realización, á concellería con competencia en medio ambiente, que valorará a súa adecuación ao Plan de conservación e clasificará o tipo de uso de que se trate.

2. O Concello de Carral poderá crear unha comisión de traballo municipal específica para a xestión e conservación do espazo, ou ben integrala dentro doutra xa existente. Esta comisión velará pola evolución e conservación do espazo tendo, ademais, a capacidade de convidar persoal técnico alleo á estrutura municipal para tratar temas relacionados co ENIL.

3. A policía local e o persoal inspector municipal adscrito ou que se poida adscribir ao Concello de Carral, ademais das administracións competentes, serán os encargados de velar pola defensa dos recursos naturais e polo cumprimento das normas ditadas.

Artigo 15. *Réxime xeral de usos*

1. A xestión dos terreos de propiedade privada por parte das persoas titulares deberá axustarse ás normas establecidas no presente plan, ás normas sectoriais e estará supeditada á administración xestora do ENIL.

2. Os usos e actividades clasificaranse en permitidos, autorizables ou prohibidos en función da súa incidencia sobre os valores que motivaron a declaración do ENIL, segundo os seguintes criterios:

a) Usos permitidos: son aqueles que resultan compatibles cos obxectivos da declaración do espazo e que poden desenvolverse sen limitacións especiais, ben na totalidade do espazo ou ben nas áreas onde a categoría de zonificación así o permita. Con carácter xeral, serán aqueles usos de carácter tradicional que non causen unha afección apreciable.

Estes usos non requiren dunha autorización específica da administración municipal, salvo que pola normativa sectorial requiran dun título habilitante.

b) Usos autorizables: son os sometidos a un réxime de intervención administrativa co fin de evitar posibles efectos apreciables na conservación dos valores do espazo. Son aqueles que requiran dunha autorización expresa ou dun informe preceptivo e vinculante nos procedementos de autorización sectorial.

c) Usos prohibidos: aqueles susceptibles de causar prexuízo á integridade do lugar ou sobre o estado de conservación dos compoñentes clave para a biodiversidade e que, por conseguinte, resulten incompatibles cos obxectivos de conservación do espazo.

2. No caso de que se prevexa un uso ou actividade non considerado no instrumento de planificación, consultarase coa consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural a compatibilidade cos obxectivos da declaración do espazo, debendo someterse a un réxime de intervención administrativa para evitar posibles efectos apreciables á conservación dos valores relevantes do espazo.

3. En relación á flora e fauna silvestres, así como ás especies exóticas invasoras, a normativa a aplicar será a recollida na Lei 5/2019, do 2 de agosto, así como na Lei 42/2007, do 13 de decembro.

Artigo 16. *Tramitación das solicitudes de autorización*

1. No caso dos usos e actividades que requiran de autorización do concello, esta presentarse ante a concellería con competencias en medio ambiente como mínimo un mes antes do uso ou da realización da actividade. A solicitude deberá achegar a seguinte información:

a) Unha memoria cos seguintes contidos mínimos: identificación da persoa física ou xurídica solicitante, organización e contacto (endereço, teléfono e correo electrónico), finalidade, descrición da actividade, planos da zona onde se desexe facer a actividade ou evento, análise das posibles afeccións ao ENIL e, se se considera conveniente, unha proposta de medidas preventivas e/ou correctoras. No caso de ser actuacións relacionadas co uso público, ademais deberán especificar o número de participantes, afluencia de público estimada, de ser o caso, situación, seguro de responsabilidade civil se procede, días previstos e rango horario ou calendario.

b) Se procede, achegarase a resolución favorable de ocupación do dominio público hidráulico por parte do organismo de cunca. Non se poderá outorgar autorización municipal se non queda acreditado o outorgamento previo da autorización de usos ou ocupación do dominio público.

c) No caso de intervencións ou cambios de uso de bens de interese cultural ou catalogados, ou da súa contorna de protección, requirirase autorización previa da consellería competente en materia de patrimonio cultural ou certificación dese organismo de non precisar autorización por estar incluída nas excepcións establecidas na Lei 5/2016, do 4 de maio, ou nos supostos previstos nos artigos terceiro e cuarto da Instrución do 8 de novembro de 2017.

d) Do mesmo xeito, no caso de que o uso ou actividade requira autorización por normativa sectorial, presentarse a dita autorización xunto coa solicitude.

2. Despois de emitirse o informe técnico, a concellería con competencia en materia de medio ambiente resolverá de forma motivada. No caso de ser favorable, a resolución incluírá unha relación de pautas obrigatorias e medidas de protección acordadas coa actividade prevista. No caso de ser desfavorable, a resolución motivará as razóns polas que se rexeitou a solicitude. No caso de que a persoa solicitante non obtivese resposta expresa, considerarase desestimada a súa solicitude.

3. A organización daquelas actividades ou eventos autorizados é a responsable de informar ás persoas participantes e ao público, no seu caso, dos usos non permitidos no ENIL en función das características concretas do evento, así como das pautas ou medidas recollidas na resolución de autorización.

4. O Concello da Carral poderá suspender calquera uso ou actividade autorizada se non se está a desenvolver conforme á documentación presentada na solicitude e ás pautas obrigatorias que figuren na autorización. Así mesmo poderá reclamarlles, se fose pertinente, unha compensación económica de existir danos aos valores naturais ou patrimoniais do ENIL, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador vixente.

5. No caso de actividades que formen parte dunha única programación con varias datas, poderase presentar ante a concellería con competencias en materia de medio ambiente unha única memoria que describa, polo miúdo, cada unha delas de forma individual e con planos. A resolución, debidamente motivada, poderá afectar en diferente sentido a toda ou parte da programación.

Artigo 17. Normativa xeral

1. Usos ou actividades permitidas:

a) A circulación de vehículos nos lugares habilitados e sinalizados para tal fin.

b) O acceso de vehículos vinculados a servizos de vixilancia, emerxencias e/ou xestión do ENIL.

c) A circulación de bicicletas polas vías habilitadas e o sendeiro PR-G101.

2. Usos ou actividades sometidos a autorización:

a) As actuacións de eliminación ou control de especies alóctonas ou exóticas invasoras, que deberán contar previamente coa preceptiva autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

b) O vertido directo ou indirecto de augas no dominio público hidráulico, no caso de contar con autorización previa do organismo de cunca.

c) O acceso de maquinaria por motivos de conservación ou emerxencia.

3. Usos ou actividades prohibidos:

a) A destrución ou o deterioro significativo das formacións vexetais conformadas por especies silvestres que caracterizan ás comunidades do hábitat 91E0*.

b) A introdución de especies alóctonas ou exóticas invasoras.

c) A emisión de ruídos mediante o emprego de megáfonos, aparellos de radio ou de reprodución de sons, bucinas, así como doutros aparellos que xeren sons de alta intensidade ou ultrasóns que perturben a tranquilidade e a quietude da fauna e do propio espazo natural, excepto por razóns de seguridade, salvamento ou forza maior.

d) O vertido directo ou indirecto de augas e produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico, salvo que conte coa autorización previa outorgada polo organismo de cunca.

e) O depósito de calquera tipo de residuo ou lixo fóra dos contedores habilitados a tal efecto.

f) A circulación de vehículos a motor fóra das vías existentes para tal fin.

g) A ocupación dos terreos por calquera tipo de vehículo fóra dos especificamente dedicados e sinalizados como aparcadoiros.

h) A circulación de bicicletas fóra das vías habilitadas para o tránsito público e do sendeiro PR-G101.

Artigo 18. *Actividades forestais*

1. Considéranse actividades permitidas:

a) Os labores de prevención e defensa contra os incendios forestais establecidos no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais do distrito forestal, sempre que o plan conte con autorización.

b) As tarefas de xestión da biomasa nas faixas secundarias de xestión definidas no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA).

c) Os aproveitamentos madeireiros das especies contempladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, nos terreos que forman parte da zonas de policía de leitos (5-100 m), conforme ás condicións establecidas nos Anexos II e III da Orde do 25 de marzo de 2020, conxunta da Consellería do

Medio Rural, da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, e sempre tras a presentación da declaración responsable.

d) Os aproveitamentos madeireiros, sempre que sexan realizados conforme ás condicións establecidas na antedita Orde do 25 de marzo de 2020, e sempre tras a presentación da declaración responsable.

e) Os aproveitamentos de leña nas masas arborizadas por parte das persoas propietarias, destinados ao autoconsumo e ao uso doméstico que non sexan obxecto de comercialización, sen superar os límites de volume anual por propietario/a de acordo coa normativa sectorial vixente, seguindo os condicionantes indicados no punto 9 do anexo II da Orde do 25 de marzo de 2020.

f) A recollida de follaxe, cogomelos e pequenos froitos por parte das persoas propietarias dos terreos para o seu propio aproveitamento.

g) As cortas de arboredo de obrigada execución das especies da disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, sempre que non afecten os elementos clave de conservación do espazo protexido.

2. Considéranse actividades sometidas a autorización:

a) O Plan de prevención contra incendios forestais do distrito forestal.

b) Os aproveitamentos madeireiros que non cumpran coas condicións establecidas na Orde do 25 de marzo de 2020, e non estean incluídos nun proxecto de ordenación, documento simple de xestión ou non contén cun documento aprobado de ordenación forestal.

c) As plantacións tras o aproveitamento, sempre que cumpran co establecido na disposición transitoria novena da Lei 11/2021, do 14 de maio, e sempre e cando non se realicen cambios de especie, salvo cando os ditos cambios supoñan a transformación de eucaliptais en piñeirais ou cando, tras a rexeneración, se creen masas de frondosas do anexo I da Lei 7/2021, do 2 de xuño.

3. Considéranse actividades prohibidas:

a) As novas plantacións forestais con especies alóctonas.

b) As cortas a feito sobre formacións arborizadas naturais e, especialmente, sobre aquelas incluídas dentro do anexo I da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

c) O depósito de materiais sobrantes de cortas ou doutros aproveitamentos forestais sobre os elementos clave de conservación do espazo.

d) O uso de insecticidas ou fitocidas que non sexan de aplicación puntual, no caso de aparición de pragas ou enfermidades forestais. Utilizaranse produtos incluídos nas listaxes establecidas nos sistemas de xestión forestal sostible de referencia en España. En particular, darase prioridade, na medida na que estean dispoñibles, a produtos fitosanitarios de baixo risco conforme ao definido no Regulamento (CE) núm. 1107/2009, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009 relativo á comercialización de produtos fitosanitarios, e ás medidas de control biolóxico. Prohíbese expresamente o uso de glifosato.

e) Os aproveitamentos madeireiros das formacións vexetais conformadas por especies silvestres que caracterizan as comunidades do hábitat de interese comunitario 91E0*, na zona de dominio público hidráulico e na zona de servidume.

f) A explotación forestal na zona de servidume. Calquera corta asociada a unha explotación existente nesta zona deberá contar cunha proposta de restauración ambiental que, como mínimo, inclúa un compromiso por parte da persoa titular do terreos, de utilizar variedades locais de especies autóctonas propias das zonas de ribeira, en patróns de plantación irregulares. Deberán quedar conectadas funcionalmente co leito e incluír a inhibición de especies non propias da zona de ribeira.

g) Cortar ou arrincar os tocos das árbores abatidas que estean en bo estado fitosanitario.

h) Os cambios de uso de forestal a agrícola e viceversa.

Artigo 19. *Actividades agropecuarias*

1. Usos ou actividades permitidos:

a) Os usos agrícolas e gandeiros que se veñan realizando tradicionalmente no espazo e as súas melloras cando resulten compatibles coa protección do espazo natural.

b) O cultivo de especies, subespecies e variedades representativas dos sistemas tradicionais de explotación agrícola naqueles terreos agrarios nos que se veñan realizando estes cultivos.

c) O acceso das persoas propietarias aos seus predios rústicos. O acceso con vehículos levarase a cabo polo viario existente.

d) Na zona de servidume, os labores superficiais de mantemento, labores coa finalidade de evitar a proliferación de pragas, matogueira e enfermidades que poidan constituír un risco para os cultivos adxacentes. En todo caso, manterase a vexetación de ribeira e non será afectada a conectividade lateral dos leitos.

2. Usos ou actividades prohibidos:

a) Con carácter xeral, na zona de servidume non se permitirá a realización de labores agrícolas que impliquen unha deterioración do ecosistema fluvial. A estes efectos, considérase que implica unha deterioración do ecosistema fluvial a aplicación de fertilizantes ou de produtos fitosanitarios, a realización de labra mecanizada e aquelas actuacións que supoñan unha alteración da morfoloxía da devandita zona de servidume, como pastos e segas.

Artigo 20. *Uso público*

1. Usos ou actividades permitidos

a) As actividades recreativas de paseo, descanso e sendeirismo exercidos a título persoal pola rede de sendeiros existentes no ENIL.

b) A circulación con animais de compañía provistos de sistemas de suxeición axeitados e de bozo no caso de ser preceptivo o seu uso, polos sendeiros e pistas forestais.

c) A realización de fotografía ou gravación con finalidade non comercial sen que implique a instalación de observatorios portátiles, refuxios, parapetos, elementos de camuflaxe ou outros equipos auxiliares.

2. Usos ou actividades sometidos a autorización

a) A actividade profesional de fotografía, filmación ou gravación con fins comerciais.

b) As actividades de filmación, fotografía, observación ou gravación sonora que impliquen a instalación de observatorios portátiles, refuxios, parapetos, elementos de camuflaxe ou outros equipos auxiliares.

c) As actividades recreativas e/ou lúdicas organizadas cuxa xestión sexa allea ao Concello de Carral, como visitas guiadas, xogos ou actividades na natureza.

d) As competicións deportivas que no seu trazado poidan atravesar a superficie do ENIL polas vías habilitadas para o tránsito público.

e) As actividades educativas ou de voluntariado para fomentar o coñecemento e a conservación do espazo.

f) Calquera outra actividade de uso público que implique grupos e cuxa xestión sexa allea ao Concello de Carral.

3. Usos ou actividades prohibidos

a) O baño.

b) Os deportes de aventura.

c) Pasar a noite con autocaravana ou furgoneta *camper*.

d) Facer fogueiras ou prender lume.

e) A realización de pintadas e/ou gravados na vexetación, nos recursos xeolóxicos ou nas infraestruturas de uso público e, en xeral, calquera práctica de vandalismo no espazo natural e/ou nos seus valores.

f) As prácticas de supervivencia e o *paintball*.

g) O acceso público fóra das pistas forestais, camiños ou sendeiros indicados para tal fin, que quedará limitado ás persoas propietarias ou ás autorizadas por estas.

Artigo 21. Edificacións e infraestruturas

1. Considéranse usos ou actividades suxeitos a autorización:

a) As obras de mellora, mantemento ou reparación das infraestruturas de saneamento existentes.

b) As actuacións de mantemento do viario e das pistas forestais existentes.

c) As actuacións de mellora, mantemento ou reparación das liñas de transporte eléctrico existentes.

d) As actuacións de revalorización, conservación e rehabilitación do patrimonio cultural e etnográfico, en harmonía coa preservación dos recursos naturais, previa autorización da consellería con competencias en materia de patrimonio cultural.

e) A reposición dos sinais existentes, no caso de que se modifique a súa tipoloxía ou actualice a información.

f) A construción, instalación ou mantemento de infraestruturas vinculadas directamente coa conservación ou a difusión dos valores do ENIL.

g) A realización de muros de contención, peches ou valados de predios, así como as obras de reparación, conservación e rehabilitación que se consideren precisas para o mantemento en bo estado dos ditos valados e peches.

h) A construción de pequenas instalacións vinculadas a usos agrarios ou gandeiros.

i) A instalación de luminarias que non incidan negativamente na fauna presente na área.

2. Considéranse usos ou actividades prohibidos:

a) As instalacións industriais de enerxía eólica, hidroeléctrica ou fotovoltaica.

b) A instalación de novas liñas aéreas de transporte eléctrico ou de tendidos de telecomunicación.

c) A alteración da cobertura edáfica por movementos de terras, soterramentos ou outras accións, salvo por reparación ou conservación das infraestruturas de saneamento existentes ou por motivos de seguridade cidadá.

d) A instalación de infraestruturas de telecomunicacións, tales como antenas ou repetidores.

e) A instalación de calquera tipo de carteis, anuncios, antenas ou elementos, salvo os previstos para a xestión do espazo.

f) A construción de edificacións permanentes de calquera tipo, excepto ás relacionadas coa conservación do espazo ou a difusión dos seus valores.

g) A instalación de luminarias que incidan negativamente na fauna presente na zona.

Artigo 22. *Outros usos*

1. Usos ou actividades permitidos:

a) O acceso ao ENIL con cans de asistencia e polas unidades caninas das Forzas Armadas e dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado.

2. Usos ou actividades sometidos a autorización:

a) As actividades científicas e os proxectos de investigación. As ditas actividades deberán cumprir cos requisitos recollidos no artigo 16 deste Plan de conservación. Ademais, as autorizacións solicitaranse tanto ao Concello de Carral como a calquera outro organismo con competencias no ámbito da investigación, utilizaranse as técnicas e métodos menos invasivos dispoñibles e non se poderán deixar pegadas permanentes no ENIL.

b) O tránsito ou permanencia fóra das vías habilitadas por motivos científicos, de xestión ou por emerxencia.

3. Usos ou actividades prohibidos:

a) Os aproveitamentos mineiros ou actividades extractivas.

b) As manobras e exhibicións militares.

c) A venta ambulante.

CAPÍTULO VI

Liñas de actuación

Artigo 23. *Liñas de actuación no ENIL*

O Concello de Carral levará a cabo as medidas de xestión recollidas neste artigo, acorde coas súas dispoñibilidades orzamentarias.

Segundo a prioridade asignada a cada actuación, estas serán executadas con prioridade alta (nos primeiros 0-5 anos dende a aprobación do plan), media (nos seguintes 6-10 anos) ou baixa (dos 10 anos en adiante); ou ben poden ser actuacións continuas no tempo (con execución recorrente en función das necesidades previstas):

LIÑA 1	Conservación do patrimonio natural
CONTIDO: esta liña reúne as medidas de xestión destinadas á conservación e mellora da biodiversidade, especialmente do hábitat 91E0* e das especies de fauna vencelladas, así como daquelas actuacións que teñan un impacto favorable na adaptación ao cambio climático.	
PREVISIÓN ORZAMENTARIA: 1.500 €/ano	
ACTUACIÓNS:	
a) Promover un estudo para a identificación da ribeira funcional e da ribeira topográfica de cara á mellor delimitación das zonas nas que a vexetación de ribeira podería ser obxecto de recuperación e protección. Prioridade: alta	
b) Partindo da delimitación cartográfica da ribeira funcional e a ribeira topográfica, executar accións de recuperación da vexetación riparia mediante a plantación de árbores e arbustos autóctonos propios do bosque de ribeira nos tramos nos que o hábitat se atope degradado. Prioridade: media	

c) Fomentar estudos destinados a aumentar o coñecemento da bioloxía, os requirimentos de hábitat, o tamaño poboacional, o estado de conservación e as posibles presións e ameazas das especies *Elona quimperiana* e *Geomalacus maculosus*.

Prioridade: alta

d) Promover un estudo destinado a avaliar o tamaño poboacional, o estado de conservación e as posibles presións e ameazas da especie *Dryopteris guanchica* no ámbito do espazo protexido.

Prioridade: alta

e) Adoptar medidas para a conservación das poboacións de anfibios, como pode ser a instalación de pasos de fauna específicos para anfibios nas vías que atravesan o espazo ou a posible adecuación de construcións tradicionais para a entrada e saída destas especies.

Prioridade: media

f) Promover un estudo destinado a determinar as especies de quirópteros presentes no ENIL, identificar refuxios, caracterizar o uso de hábitat e cartografiar a súa distribución.

Prioridade: media

g) Efectuar un inventario inicial das especies vexetais alóctonas e exóticas invasoras presentes no espazo protexido, avaliando a súa abundancia e cartografando a súa distribución.

Prioridade: alta

h) En función do inventario inicial, planificar e, posteriormente acometer, actuacións de control, seleccionando o modo de intervención máis axeitado para cada especie de flora exótica invasora.

Prioridade: media

i) Promover o estudo da posible presenza no espazo protexido de especies de fauna exótica invasora, moi especialmente *Procambarus clarkii* e *Neovison vison*, pola súa incidencia sobre as poboacións de anfibios.

Prioridade: media

j) En colaboración do organismo de cunca, adoptar medidas para a eliminación do punto de vertido consistente no nivel de alivio existente no sistema que recolle as augas residuais fecais xeradas na casa rural Costa da Égoa, ao constituír un punto de vertido de augas residuais urbanas ao dominio público hidráulico non autorizado.

Prioridade: alta
k) Impulsar o estudo de conectividade ecolóxica para o concello de Carral, elaborando unha cartografía detallada, coherente coas propostas de conectividade realizadas a nivel autonómico.
Prioridade: baixa
l) Promoción de prácticas agrícolas respectuosas co medio ambiente que eviten a afección á calidade das augas na cunca vertente.
Prioridade: baixa
m) Procurar a colaboración do organismo de cunca na retirada das plantacións forestais que invadan a zona de servidume, así como no cumprimento da normativa sectorial no que respecta á exigencia dunha proposta de restauración ambiental tras toda corta que incluírá, como mínimo, o compromiso por parte das persoas titulares dos terreos de utilizar variedades locais de especies autóctonas propias da zona de ribeira, en plantación irregular e con conexión funcional coa canle do río, inhibindo a presenza de especies non propias deste ecosistema.
Prioridade: media
n) Adoptar medidas para a eliminación do arborado alóctono situado fóra das zonas de protección do dominio público hidráulico, fomentando acordos de custodia coas persoas propietarias dos terreos que permita a eliminación de plantacións e arborado espontáneo de <i>Eucalyptus globulus</i> e outras especies vexetais alóctonas presentes no espazo protexido.
Prioridade: media
ñ) Solicitar a declaración dun tramo libre de pesca sen morte.
Prioridade: media
l) Solicitar a declaración do ENIL como terreo non cinxético.
Prioridade: media
o) Colaborar con asociacións medioambientais ou realizar acordos ou convenios de custodia do territorio para o desenvolvemento de actuacións previstas nesta liña.
Prioridade: media

LIÑA 2	Conservación do patrimonio cultural
CONTIDO: esta liña reúne as medidas de xestión destinadas á conservación e posta en valor do patrimonio cultural localizado dentro dos límites do ENIL	
PREVISIÓN ORZAMENTARIA: 7.000 €/ano	
ACTUACIÓNS:	
a) Coa colaboración da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, promover unha intervención que poña en valor o xacemento do Castro das Travesas incluíndo, entre outras posibles accións, a roza e limpeza vexetal da superficie ocupada, a mellora da súa accesibilidade e a instalación de sinalización divulgativa e de acceso. Prioridade: media	
b) Coa colaboración da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, promover unha intervención de mantemento da sinalización existente no conxunto hidráulico da Costa da Égoa-Batán. Prioridade: alta	
c) Coa colaboración da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, promover o acondicionamento e posta en valor da ponte da Abelleira e da antiga estrada N-550 que inclúa, entre outras posibles accións, a instalación de paneis informativos e carteis de localización, a retirada dos residuos asimilables a urbanos acumulados baixo a dita ponte e os labores de roza de vexetación. Prioridade: media	

LIÑA 3	Conservación da paisaxe
CONTIDO: esta liña reúne as medidas de xestión destinadas á protección da paisaxe do ENIL	
PREVISIÓN ORZAMENTARIA: 500 €/ano	
ACTUACIÓNS:	
a) En cumprimento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, solicitarase ao Instituto de Estudos do Territorio a	

elaboración do Plan de Acción da Paisaxe do espazo protexido, cos contidos indicados na citada lei.

Prioridade: baixa

b) Estudar a posible instalación de pantallas vexetais con especies autóctonas que minimicen o impacto visual producido pola subestación eléctrica de Mesón do Vento, no vértice sur do ENIL, e pola estrada N-550 na zona media do espazo.

Prioridade: baixa

c) Avaliar a posibilidade de levar a cabo tarefas de revexetación nas faixas de protección das liñas de transporte eléctrico co obxecto de reducir o seu impacto visual. Nestas prácticas de revexetación empregaranse especies:

1º. Propias da área a revexetar.

2º. Cun crecemento limitado en altura.

3º. De baixa combustibilidade.

4º. Pertencentes a todos os estratos: arbóreo, arbustivo, subarbustivo e herbáceo.

Prioridade: baixa

LIÑA 4	Divulgación e difusión dos valores ambientais e do patrimonio cultural do ENIL
CONTIDO: esta liña reúne as medidas de xestión destinadas á difusión e divulgación dos valores naturais, etnográficos e arqueolóxicos presentes no espazo protexido.	
PREVISIÓN ORZAMENTARIA: 1.000 €/ano	
ACTUACIÓNS:	
a) Elaborar un programa de visitas guiadas destinado á comunidade educativa e ao público en xeral para a difusión dos valores naturais do espazo e dos servizos ecosistémicos que proporciona, achegando ás persoas visitantes unha información axeitada sobre os obxectivos de conservación e as tarefas que se realizan para a súa consecución fomentando, ademais, pautas de comportamento respectuosas co entorno.	
Prioridade: alta	

b) Diseñar e desenvolver accións de divulgación do xacemento arqueolóxico do Castro das Travesas, incluíndo a visita guiada ao enclave arqueolóxico e á colección instalada na Casa da Cultura de Carral. Estas accións estarán destinadas tanto á comunidade educativa como ao público en xeral.

Prioridade: baixa

c) Facilitar a difusión dos achados resultado dos traballos arqueolóxicos realizados ata a data no xacemento arqueolóxico do Castro das Travesas, mediante a integración da información na páxina web do Concello de Carral.

Prioridade: media

d) Elaboración dun programa de visitas guiadas ao conxunto hidráulico da Costa da Égoa-Batán que teña por obxecto a difusión do valor histórico destes muíños, relacionado co pan de Carral e a súa importancia como representación salientable de varios fitos da tecnoloxía pre-industrial. Estas visitas estarán destinadas tanto á comunidade educativa como ao público en xeral.

Prioridade: alta

e) Establecemento dunha canle de participación coa cidadanía a través da elaboración de enquisas anuais sobre o nivel de coñecemento e percepción do ENIL, así como a través de charlas de concienciación e sensibilización ambiental nas que se incluírá información sobre as actividades previstas neste Plan de conservación.

Prioridade: alta

LIÑA 5	Uso público
CONTIDO: esta liña reúne aquelas medidas de xestión orientadas ao desfrute dos valores naturais e culturais do ENIL dun xeito ordenado e seguro, garantindo a conservación do propio espazo.	
PREVISIÓN ORZAMENTARIA: 2.000 €/ano	
ACTUACIÓNS:	
a) Realización, en colaboración co organismo de cunca, daquelas operacións de mantemento precisas na senda que discorre pola zona de servidume do rego do Batán, na localización do conxunto etnográfico dos Muíños do Batán; incluírase a reparación dos danos existentes actualmente nos pasamáns que permiten canalizar o fluxo de visitantes e salvar diferenzas de nivel de xeito seguro (tramos que	

presentan os apoios rotos), así como as posibles operacións de mantemento nos chanzos das escadas e pasarelas de madeira existentes na senda e no resto de mobiliario (bancos e papeleiras).

Prioridade: alta

b) Avaliar co organismo de cunca a posibilidade de habilitar unha nova senda peonil que proporcione continuidade á xa existente, permitindo a súa prolongación ata a fervenza localizada augas abaixo da fervenza do Abelleira.

Prioridade: media

CAPÍTULO VII

Seguimento do Plan de conservación

1. Para avaliar o cumprimento do Plan de conservación establécense unha serie de indicadores vinculados aos obxectivos de conservación. Estrutúranse en base ás seguintes categorías:

1. Indicadores sobre accións destinadas á mellora na conservación do patrimonio natural

a) Realización de estudos ou inventarios sobre a ribeira do río, os hábitats e as especies (incluíndo as especies exóticas invasoras ou con potencial invasor).

1º. Unidade de medida: informe do estudo e cartografía resultante.

2º. Fonte de datos: órgano xestor.

3º. Actualización: puntual.

b) Actuacións destinadas á conservación e recuperación do hábitat 91E0*.

1º. Unidade de medida: núm. de hectáreas restauradas.

2º. Fonte de datos: órgano xestor.

3º. Actualización: bianual.

c) Actuacións destinadas á conservación da biodiversidade do ENIL.

1º. Unidade de medida: núm. de actuacións executadas.

2º. Fonte de datos: órgano xestor.

3º. Actualización: quinquenal.

d) Actuacións levadas a cabo para o control ou erradicación de especies alóctonas ou especies exóticas invasoras.

1º. Unidade de medida: núm. de actuacións executadas.

2º. Fonte de datos: órgano xestor.

3º. Actualización: quinquenal.

e) Actuacións destinadas á eliminación de puntos de vertido que poidan afectar ás masas de auga, así como de puntos de acumulación de lixo.

1º. Unidade de medida: execución das actuacións.

2º. Fonte de datos: órgano xestor.

3º. Actualización: puntual.

f) Actuacións destinadas á eliminación de arborado alóctono no ámbito do ENIL.

1º. Unidade de medida: reconto no número de exemplares eliminados.

2º. Fonte de datos: órgano xestor.

3º Actualización: quinquenal.

g) Colaboracións con entidades medioambientais e sinatura de acordos ou convenios de custodia do territorio.

1º. Unidade de medida: núm. de colaboracións, acordos ou convenios.

2º. Fonte de datos: órgano xestor.

3º. Actualización: quinquenal.

2. Indicadores sobre as accións centradas na conservación do patrimonio cultural

a) Actuacións destinadas á posta en valor do patrimonio cultural.

1º. Unidade de medida: reconto do núm. de actuacións realizadas.

2º. Fonte de datos: órgano xestor.

3º. Actualización: quinquenal.

3. Indicadores sobre as accións destinadas á conservación da paisaxe do espazo protexido

a) Mitigación do impacto visual mediante plantacións de pantallas vexetais.

1º. Unidade de medida: informe final da actuación realizada.

2º. Fonte de datos: órgano xestor.

3º. Actualización: actuación puntual.

b) Actuacións de revexetación das faixas de protección das liñas de transporte eléctrico.

1º. Unidade de medida: núm. de hectáreas revexetadas.

2º. Fonte de datos: órgano xestor.

3º. Actualización: bianual.

4. Indicadores de seguimento das actividades de divulgación e difusión dos valores do espazo protexido

a) Actuacións destinadas á difusión, divulgación, concienciación e sensibilización sobre o patrimonio natural e/ou cultural dirixidas tanto á comunidade educativa como á poboación xeral.

1º. Unidade de medida: núm. de actuacións realizadas.

2º. Fonte de datos: órgano xestor.

3º. Actualización: anual.

b) Realización de enquisas anuais á poboación.

1º. Unidade de medida: núm. de enquisas realizadas.

2º. Fonte de datos: órgano xestor.

3º. Actualización: anual.

5. Indicadores de seguimento das accións relacionadas co uso público

a) Actuacións realizadas para o acondicionamento, posta en valor e mellora das condicións de seguridade da senda peonil que discorre pola marxe do río Abelleira na Costa da Égoa.

1º. Unidade de medida: núm. de actuacións realizadas.

2º. Fonte de datos: órgano xestor.

3º. Actualización: quinquenal.

2. Con periodicidade quinquenal, o concello analizará a efectividade das medidas propostas no Plan de conservación, tanto da normativa en vigor como da correcta execución do Plan de actuacións. Enviarase un informe coa dita análise á Dirección Xeral de Patrimonio Natural indicando:

a) A eficacia e eficiencia na execución das diversas actuacións.

b) O progreso na consecución dos obxectivos propostos.

c) Cambios observados no espazo e valoración da necesidade de levar a cabo algunha modificación na normativa ou o establecemento de novas medidas de xestión.

ANEXO II Cartografía

